

LOLA VARELA

PROFESORA DE LITERATURA E FEMINISTA GALEGA

TRIBUNA LIBRE... **Polo Día de Rosalía**


# Rosalía de Castro desde o exilio mexicano de Luisa Carnés

No ano 1945 a escritora e periodista Luisa Carnés (unha máis das autoras esquecidas da chamada 'Xeración do 27', como M<sup>a</sup> Teresa León, Rosa Chacel ou María Zambrano, coñecidas hoxe como 'Las sin sombrero') publica en México, país no que estaba exiliada desde o remate da Guerra Civil pola súa militancia comunista, Rosalía de Castro. Raíz apaixonada de Galicia. É unha biografía, bastante novelada, da figura clave do Rexurdimento e creadora da literatura galega moderna, que no ano 2018 a editorial astur Hoja de Lata recuperou, cunha cuidada publicación ilustrada con moito atractivo pola artista valenciana Aitana Carrasco.

Luísa Carnés, que nacera en Madrid nunha familia humilde de pai barbeiro e nai xastra, era a maior de seis irmáns e desde os once anos abandonou a escola e tivo que traballar para contribuír á mantenza da familia, nun taller de sombreiros, no obradoiro dunha pastelería, de telefonista ou como camareira nun salón de té, traballo que inspirou o seu mellor libro Tea Rooms. Mujeres obreras. Muller loitadora, autodidacta, comprometida socialmente e feminista, que apoiou a Clara Campoamor na súa defensa do sufraxio feminino, ten moito que ver con Rosalía que tamén denuncia a dependencia das mulleres e manifesta un ideario progresista, con preocupacións sociais, ou que amosa actitudes pouco convencionais para a súa época. Como di a experta rosaliana M<sup>a</sup> Xesús Lama, autora do Limiar desta particular biografía da autora compostelá "...dos mulleres extraordinarias que construyeron su propio camino creativo contra viento y marea, en cierto modo solas...".

É interesante saber que esta biografía forma parte dunha colección denominada 'Vidas españolas e hispanoamericanas' da editorial mexicana Rex, que xurdiu daquela co gallo do éxito conseguido polas emisións radiofónicas dedicadas a semblanzas

**Luísa Carnés** escolle os termos raíz, paixón e pobo como elementos vertebradores da súa obra sobre Rosalía»



biográficas de figuras históricas, que as persoas exiliadas teimaban en proxectar no país de acollida.

Luísa Carnés, con moito acerto ao meu entender, escolle os termos raíz, paixón e pobo como elementos vertebradores da súa obra sobre Rosalía. E malia non ter alén mar para achegarnos a imaxe da escritora, apenas máis fontes que os textos do seu home, o escritor e historiador Manuel Murguía (que nola presenta como una metáfora dunha Galiza sen-



timental, submisas e maternal), Carnés consegue darnos unha visión dela poliédrica e diversa: Rosalía defensora da lingua e da cultura galega, dos dereitos das mulleres, apaixonada fustrigadora da miseria e da exclusión social das persoas desposuídas...

Aínda que Carnés realiza un repaso biográfico de Rosalía de Castro a través dunha estrutura sinxela pero eficaz, cronolóxica, do libro, vai guiándonos polas distintas facianas da literata galega

como esposa, escritora, nai..., a autora non pretende tan só facer o relato, senón que nos achegamos ao seu interior. Por iso, hai un claro predominio da descrición sobre a narración, cunha emotiva prosa poética na que son frecuentes os recursos literarios, as verbas en galego para precisar o sentido dalgunhas expresións e pequenos fragmentos de poemas que acompañan o texto.

Mágoa non ter coñecido Carnés os traballos e pescudas que, sobre Rosalía, se están a facer desde os anos 80 do pasado século e que nos axudan a enriquecer a mirada que temos sobre ela, como os textos de Catherine Davies, Francisco Rodríguez, Anxo Angueira, M<sup>a</sup> Xosé Agra Romero, Alba Rodríguez-Saavedra, Pilar Cagiao ou Pilar García Negro, cuxos Estudos Rosalianos veñen de ser editados recentemente baixo o título Intenso e solidario feminismo pola Universidade de A Coruña, con introdución, escolma e edición a cargo da profesora Carmen Fernández Pérez-Sanjulián e un epílogo da investigadora estadounidense Kathleen March.

Desde aquel 23 de febreiro de 1837 en que, nunha modesta choupana do Camiño Novo compostelán, nace Rosalía froito dos amores da descendente fidalga dos Castro, Dona Teresa, e o coengo da parroquia de Santa María de Iria, ate a súa morte en Padrón ao mediodía do 15 de xullo de 1885 na súa casa de 'A Matanza', hoxe Fundación Rosalía de Castro, Luísa Carnés vai enfiando a obra poética rosaliana La Flor, Follas Novas, Cantares Gallegos, En las orillas del Sar. Porén, apenas comenta as novelas, porque opina que como prosista non engade méritos á súa obra total. Considera, pois, que é na súa obra lírica onde hai que buscar a Rosalía de Castro, que xunto ao outro gran poeta romántico e amigo persoal, Gustavo A. Bécquer, conseguiron elevar a súa voz poética e mostrar o camiño aos escritores e escritoras que viñan detrás.

Rosalía de Castro. Raíz apaixonada de Galicia ven sendo o legado de dúas mulleres avanzadas para súa época: Luísa Carnés de mirada aguda e pluma afiada e a poesía lúcida, descarnada e libre de Rosalía de Castro. Dúas voces máis que necesarias.

**Hai un claro** predominio da descrición sobre a narración, cunha emotiva prosa poética...»